

BLOQUE 8: A REESTRUTURACIÓN DOS ESPAZOS INDUSTRIAIS.

CUESTIÓN TEÓRICA:

SITUACIÓN ACTUAL DA INDUSTRIA EN ESPAÑA E EN GALICIA.

- **Desafíos: problemas estruturais(dimensión,I+D+I,tecnoloxía) e consecuencias da incorporación á Unión Europea.**
- **Tendencias recentes da industria:globalización e deslocalización.**

A estrutura da industria española padece na actualidade algúns problemas que lle restan competitividade e dificultan as vendas no mercado exterior.

Estes problemas estruturais son:

- a) **A dimensión media das empresas e das industrias é reducida**, pois a maioría(99% en 2008) son pequenas(menos de 50 traballadores) ou medianas(de 51 a 250). Teñen as vantaxes de reaccionar con maior axilidade e flexibilidade ante os cambios que caracterizan a industria actual e de presentar menor conflictividade laboral. En cambio, os seus produtos son máis caros, e menos competitivos, porque o seu pequeno tamaño non permite economías de escala nin grandes investimentos en investigación e modernización. Pola súa banda, as grandes empresas(máis de 250) son poucas e están a moita distancia das maiores da Unión Europea.
- b) **A investigación e a innovación son insuficientes.** O investimento en I+D(Investigación e Desenvolvemento) é menor que o dos países europeos máis avanzados.Ademáis aparece moi concentrado desde o punto de vista sectorial(nas ramas máis dinámicas como a química, farmacéutica, material de transporte, maquinaria e aeroespacial), empresarial(nas grandes empresas) e territorial(en Madrid e Cataluña). Non obstante, nos últimos anos, a esixencia de competitividade incrementou a adopción de tendencias innovadoras por parte das pequenas empresas, especialmente nas áreas onde se crearon redes de cooperación empresarial.
- c) **A creación de tecnoloxía é insuficiente e dependente.** España crea pouca tecnoloxía, debido ao insuficiente investimento en investigación e á escasa integración entre a universidade e as empresas (a universidade ocúpase máis da investigación básica, que da súa aplicación práctica para as empresas). Polo tanto, é necesario recorrer á compra de patentes, que resta competitividade aos produtos e produce un déficit permanente na balanza de pagamentos tecnolóxica.

Respecto ás consecuencias da incorporación á Unión Europea en 1986, podemos destacar que supuxo para a industria española novos retos e vantaxes:

- **Os novos retos foron** a integración nun mercado moi competitivo e a adopción da normativa industrial comunitaria:regulacións técnicas e sanitarias dos produtos, supresión dos monopolios empresariais, eliminación das axudas estatais ás empresas, dado que alteran a libre competencia ..
- **As vantaxes** da integración foron un aumento do mercado para os produtos españois, a desaparición dos aranceis comerciais, unha maior accesibilidade ás innovacións e a entrada de capital estranxeiro.

Entre as tendencias actuais da industria temos que sinalar a globalización e a deslocalización:

- **A globalización** ten lugar en distintos ámbitos, aínda que nos centraremos no económico. A globalización da economía implica a interdependencia mundial na produción, intercambio e consumo de bens.

A produción tende a organizarse a escala mundial xa que as novas tecnoloxías permiten dividir o proceso de fabricación en fases e localizar cada unha delas nos espazos máis vantaxosos. Esta estratexia emprégana, sobre todos, as empresas multinacionais, que localizan as súas filiais nos espazos que ofrecen máis vantaxes en recursos naturais, man de obra, ou mercado de consumo. Non obstante, cada vez máis empresas nacionais optan por internacionalizarse ou por deslocalizar a súa actividade como medio de incrementar os seus beneficios.

O intercambio de mercadorías, capitais, servizos, información e tecnoloxía esténdense por todo o mundo debido á progresiva eliminación das barreiras comerciais e á creación de zonas de libre comercio entre países.

O consumo tende a uniformizarse en todo o planeta, pois as grandes empresas difunden determinados gustos e comportamentos a través da publicidade e dos medios de comunicación.

Esta globalización económica incrementa as posibilidades de comercio e de negocio para as empresas. Pero tamén eleva o peso das grandes multinacionais en prexuízo das empresas nacionais e das pequenas empresas.

- **A deslocalización** é un dos problemas causados pola globalización económica. Trátase dun fenómeno inherente a calquera economía industrializada que se move en termos de competencia internacional, que consiste en trasladar toda ou parte da produción a outros países, onde se intenta optimizar a rendibilidade dos investimentos, a base de conquistar, nos países de destino :

- Unha man de obra de menor custo
- Maiores beneficios fiscais
- Solo industrial máis barato
- Unha lexislación menos estricta coa protección do medio ambiente e coa loita contra a contaminación
- Condicións de traballo máis flexibles que permitan una maior xornada laboral...
-

Pero, a deslocalización trae consigo una serie de consecuencias como poden ser:

- Un aumento da desocupación no país de orixe
- Creación de emprego de baixa calidade no país de destino
- Redución da calidade do produto por ser realizado por persoal menos cualificado e en peores condicións laborais.....

Nos últimos tempos foron varios centeaes de industriais españolas as que saíron ao exterior provocando que varias decenas de miles de empregados perderan o seu posto de traballo. Moitos estaban ligados a sectores tradicionais da industria española como o calzado ou o téxtil. Desde a irrupción de China e outros países asiáticos no mercado internacional, a maioría das multinacionais abandoaron a súa produción en España para trasladarse a esa zona do mundo, como é o caso do Corte Inglés ou de Inditex. Pero tamén se dirixen cara a países recién incorporados á Unión Europea, na Europa central e do leste, cara a Marrocos ou a países latinoamericanos. E por último,

sinalar que as ramas industriais máis deslocalizadas son as que teñen una maior dependencia de man de obra ou as que teñen contidos tecnolóxicos baixos ou medio – baixos.

A situación actual da industria en Galicia.

Na actualidade, o sector secundario ocupa en torno ao **29% da poboación activa** galega, similar á porcentaxe española(30%), o que indica un importante desenvolvemento industrial nas últimas décadas. Non obstante, algúns dos subsectores empresariais supoñen un grande **custo ambiental**, como é o caso de Celulosa en Pontevedra, ou a Refinería da Coruña.

As empresas galegas, salvo excepcións, son de **pequeno tamaño**, o que as fai pouco competitivas, ao teren dificultades para incorporar innovacións tecnolóxicas.

Os principais subsectores industriais localízanse ao longo do Corredor Atlántico, sobre todo na área metropolitana de Vigo e no Golfo Ártabro, que conta con mellores infraestruturas de comunicación e cunha rede empresarial consolidada.**Estes subsectores son:**

- **A construción naval.**Sector que sufriu unha forte reconversión da que logrou saír gracias ás subvencións estatais e ás axudas do Fondo Social Europeo.Localízase en Ferrol(Navantía) e en Vigo(Barreras),aínda que existen arredor de cen empresas polo xeral de pequeno tamaño ao longo da costa galega, e que empregan a máis de 10.000 traballadores.
- **A industria automobilística.** Concéntrase en Vigo e a súa comarca, arredor de Citroen Hispania. Así e todo, algunhas empresas dedicadas á fabricación de carrocerías e vehículos especiais aséntanse en outras cidades como Santiago(Castrosúa e URO,de vehículos especiais)
- **A industria agroalimentaria.** Ten unha ampla representación na nosa comunidade.Destacan industrias de conservas de peixe, as de máis longa tradición están nas Rías Baixas, e sobre todo, na de Arousa(Ribeira, Pobra do Caramiñal,Vilagarcía, Vilanova...); os conxelados de produtos do mar(coa multinacional galega Pescanova); o sector lácteo(Larsa en Vilagarcía) e o de augas minerais nas provincias de Ourense e Pontevedra(Mondariz); o grupo Coren, que empezando como cooperativa en 1961 converteuse na primeira empresa galega agroalimentaria de España, especializada en produtos avícolas.
- **A industria madeireira.** Está representada por empresas de grande tamaño presentes en mercados internacionais como FINSA(Finaceira Madeireira) con sede en Santiago, así como por un bó número de pequenas e medianas empresas(serradoiros, carpinterías, fábricas de mobles...) con carácter familiar e espalladas por todo o territorio.
- **A industria téxtil.** Adquiriu un enorme desenvolvemento desde os anos oitenta do século pasado, cunha cobertura empresarial de alto nivel tecnolóxico e moitos pequenos centros de produción nas catro provincias. Os principais núcleos de produción son o eixe Arteixo-A Coruña grazas ao dinamismo do grupo Inditex e á proliferación de talleres en Ourense(Roberto Verino, Adolfo Domínguez) ,Lalín(Florentino), e tamén en Vigo,Santiago,Ferrol

VOCABULARIO

- **Energías renovables:** As enerxías renovables son as que procedendo de recursos naturais inesgotables (sol, vento, auga, calor da terra, a forza do mar) producen unha enerxía limpa, cun elevado grao de autonomía na súa localización, o que permite o autoabastecemento e unha dispersión de localización, que contrarresta os impactos negativos a nivel medioambiental das enerxías convencionais. Por esta razón tamén reciben o nome de enerxías alternativas.

- **Fondos estruturais:** Son partidas monetarias da UE destinadas a promover o desenvolvemento das rexións da UE máis atrasadas, con problemas de declive industrial e paro, apoiar a reconversión económica e social das zonas con deficiencias estruturais e impulsar a modernización dos sistemas educativos e de emprego. Son cinco fondos: FEDER(Desenvolvemento rexional), FSE (Fondo social europeo), FC (Fondos de cohesión), FEADER (Desenvolvemento rural), FEMP (Marítimo pesqueiro)

- **Industrias verdes:** Son aquelas industrias relacionadas coa produción de tecnoloxías limpas para a industria ou o sector enerxético, que se relacionan coa mellora do medioambiente (plantas de reciclaxe)pero tamén engloba a todas aquelas empresas que reestruturaron os procesos de produción co obxectivo de ser máis eficientes no consumo de enerxía e causar o menor impacto posible no medioambiente reducindo a polución e os refugallos.

- **Materias primas estratéxicas:** Son aqueles recursos naturais considerados de vital importancia para a produción e a riqueza dos países e clave nas decisións políticas polo seu papel estratéxico na economía das potencias. Xeralmente están relacionadas co sector enerxético convencional como o petróleo ou carbón, pero na actualidade, considéranse estratéxicas as materias primas imprescindibles para a industria de novas tecnoloxías, por exemplo o coltán.

- **Parques tecnolóxicos:** Son espazos planificados, de gran calidade ambiental e urbanística, situados na periferia das grandes cidades e cidades medias que albergan empresas industriais innovadoras, de alta tecnoloxía, onde se estimula un fluxo de coñecemento e colaboración entre institucións de investigación, empresas e mercados e onde se prestan servizos de asesoramento e viabilidade a novos proxectos empresariais. Están promovidos por institucións públicas e privadas e exercen de atracción para iniciativas relacionadas co desenvolvemento local.

- **Subcontratación:** tipo de relación económica pola que o titular dun contrato principal cede a un terceiro, o subcontratista, a prestación dunha actividade económica. Frecuente nas grandes obras, podemos consideralo como un mecanismo de descentralización da produción dun ben, característica da industrial actual, co obxectivo de reducir custos.

